

# Vigairía episcopal para o servizo do Clero

VEC

Vigairo: D. Xosé Uxío Nerga Menduiña

[jenemen@gmail.com](mailto:jenemen@gmail.com)

## Obxectivo Xeral

*Vivir o ministerio presbiteral recibido como configuración con Cristo, pastor e servo ao servizo dos demais.*

## Obxectivo específico 1

*Dar grazas a Deus polo don da vocación presbiteral.*

## Liñas de acción

- Adicar máis tempo á preparación da celebración da Eucaristía cotiá, e á dominical desde o segundo día da semana, a ser posible con outros compañeiros ou leigos e consagrados.
- Destacar na nosa vida a oración de gratitude e louvanza sen ter a menos a oración de intercesión e súplica.
- Ter unha hora de oración persoal pola mañan e media hora no atardecer incluíndo nela a liturxia das horas.
- Adicar 10 minutos á noite a dar grazas a Deus polo vivido ao longo do día.

## Obxectivo específico 2

*Recoñecer a misericordia e paciencia de Deus connosco e ser instrumentos de reconciliación de Deus co seu pobo.*

## Liñas de acción

- Pedir perdón ao rematar o día das faltas ante o Deus que nos ama infinitamente.
- Celebrar o Sacramento da Penitencia mensualmente ou con máis frecuencia se é necesario, participando nas celebracións comunitarias da Reconciliación que se propoñan con carácter diocesano.
- Adicar máis tempo ao ministerio da Reconciliación e do acompañamento espiritual, especialmente dos xoves ou dos que o piden. Ter horarios para escoita e atención aos demais, de tipo sacramental ou de axuda espiritual.

## Obxectivo específico 3

*Redescubrir e adicar tempo á formación permanente.*

## Liñas de acción

- Facer exercicios espirituais anualmente. Participar nos retiros diocesanos ou arciprestais.
- Anotarse na formación académica segundo o calendario proposto e perseverar xustificando as ausencias.
- Participar os martes da formación académica nunha hora previa (10h-11h) nun encontro de lectio divina na capela do Seminario Maior.

- Axudarnos mutuamente para mitigar necesidades materiais, de enfermidade ou illamento.
- Colaborar pastoral ou compartindo mesa con outros irmáns sacerdotes sen reduccionismos á faceta funeraria.

## Calendario

EXERCICIOS ESPIRITUAIS EN GALICIA		
data	lugar	director
• 5- 9 novembro	Seminario de Mondoñedo	Mons.Román Casanova
• 9-14 decembro	Casa de Exercicios-Ourense	D. Santiago Bohigues
• 10-14 decembro	Casa Diocesana de Lugo	Mons. Algora
• 6-11 xaneiro 2019	Casa Diocesana de Lugo	D. Jorge Guadalix
<b>Na nosa Diocese celebrarase unha tanda en torno ao mes de xuño</b>		
OUTRAS CELEBRACIÓNS		
• 11 de decembro, martes	retiro de Advento	
• 2 de abril, martes	retiro de Coresma	
• 17 de abril, mércores	Misa Crismal, 11h.	
• 13 de maio, luns	XCVIII Consagración do Seminario ó Corazón de Xesús	
• 13 de xuño, xoves	Festa de Xesucristo Sumo e Eterno Sacerdote	
• 23 de xuño, domingo	Solemnidade de Corpus Christi	
Nos meses de <b>xullo, agosto e setembro</b> haberá un <b>retiro diocesano</b> a determinar		
<b>Todos os meses a partir de outubro</b> , tendo en conta os retiros arciprestais, haberá un <b>día de retiro de ámbito diocesano</b> onde prevaleza o tempo de silencio nun lugar a determinar.		